

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO das bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público (OEP) dos anos 2020, 2021 e 2022 (primeira fase da convocatoria).*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra do 3 de xuño de 2024 publicáronse as bases xerais dos procesos selectivos derivados da execución da oferta de emprego público do Concello de Vigo, correspondente aos anos 2020, 2021 e 2022, e as específicas das prazas do Servizo de Extinción de Incendios (sarxenta/o extinción de incendios, cabo extinción de incendios, bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a) incluídas nesta primeira fase da convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* para persoal funcionario, sexa pola quenda libre ou por promoción interna, e laboral pola quenda libre, e o anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial* da provincia para persoal laboral pola quenda de promoción interna.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se publicarán no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios da corporación e xuntamente na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 4 de xuño de 2024

O alcalde

P.D. (Resolución Alcaldía do 28.6.2023)

Olga Alonso Suárez

Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación,  
Recursos Humanos e Formación

P.D. (Resolución Alcaldía do 28.6.2023 e Acordo do 22.6.2023)

Patricia Rodríguez Calviño

Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

